



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

DEPARTAMENTO: Economía

CURSO: 1º bacharelato

MATERIA: Economía

PROFESOR/A: Fernando Pérez Torres

1. Estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias imprescindibles da 1ª e 2ª avaliación.

1ª AVALIACIÓN

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica			
B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.	Relaciona os conceptos de escaseza económica, necesidade de elixir e custo de oportunidade.	CAA CMCCT



Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.	ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.	Coñece as principais características dos 3 principais sistemas económicos	CSC CMCCT CD
	ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.	Analiza as circunstancias que explican os actuais cambios.	CSC CD CAA
	ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.	Argumenta vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.	CAA CD CSC
B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.	ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.	Comprende as diferenzas entre economía positiva e normativa.	CAA CMCCT
	ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.	Analiza a actualidade económica a través de datos e gráficos.	CCL CMCCT CD

2ª AVALIACIÓN



	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.1.1. Expressa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	Comprende cales son os factores produtivos e que función cumpren no proceso de produción.	CAA CCL CSC	
B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	Comprende a importancia da división do traballo como forma de especializarse e así mellorar a produtividade.	CSC CMCCT	
	ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	Realiza exercicios de produtividade analizando os resultados e propoñendo posibilidades de mellora.	CMCCT CCL	
B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.	Analiza de forma crítica as externalidades da actividade empresarial.	CSIEE CCL	
B2.4. Expresar os obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.	ECB2.4.1. Distingue e interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	Coñece os obxectivos e as funcións das empresas.	CSIEE CAA	
	ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas.	Comprende e calcula a utilidade.	CD CCL	
B2.5. Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	Calcula e interpreta exercicios de eficiencia técnica e económica.	CD CMCCT	
B2.6. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.	ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos.	Realiza cálculos de custos e obtén conclusións e representacións gráficas.	CMCCT CD	
	ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa	Calcula o beneficio dunha a partir de gastos e	CMCCT	



B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.1.1. Expresa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	Comprende cales son os factores produtivos e que función cumpren no proceso de produción.	CAA CCL CSC
	a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	ingresos da mesma.	CD
B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.	ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	Realiza cálculos de produción total, media e marxinal e interpreta os resultados.	CMCCT CD

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

-Mecanismo para a recuperación de avaliacións suspensas

- **Proba escrita dos estándares correspondentes** a cada unha das avaliacións. Esta proba realizarase según o calendario de recuperacións que figura na páxina web do centro, se non se poidese realizar de xeito presencial, fariase de xeito telemático pendúrase na AV un día e hora acordade co alumnado e despois do tempo estimado envíase foto a aula virtual. Terán que ter activa a cámara e micro da videoconferencia da plataforma CISCO. As preguntas teóricas poderán contestarse de xeito oral se se estima

-Actividades de repaso,reforzo ou ampliación.



- Explicacións mediante videoconferencia
- Realización de traballos en grupo
- Realización de kahoots
- Resolución de casos prácticos

-Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

- Clase maxistral e de dúbidas por videoconferencia
- Emprego de instrucións e material na Aula virtual do centro
- Resolución de dúbidas por WhatsApp
- Realización de traballos en grupo
- Realización de tarefas e corrección por Google drive de xeito individual

- Materiais e recursos

Libro de texto da editorial McGrawHill

Cisco webex

Whatsapp

Google drive

Aula virtual

3.Avaliación e cualificación:



-Instrumentos na 1ª e 2ª avaliacións

1ª Avaliación

Probas escritas 80%

Participación na clase 10%

Participación no concurso young business talents 10%

2ª Avaliación

Na 2ª avaliación non se pudo realizar a proba escrita pola suspensión das clases presenciais, polo que se valorou participación na clase 50%

Participación no concurso young business talents 50%

Por este motivo (non realizar proba escrita) pondera máis a 1ª avaliación que a 2ª tal e como se explica no seguinte apartado

– Procedemento para o cálculo da cualificación final

A nota final sera a media ponderada da 1ª (60%) e da 2ª avaliación(40%) .Poderase subir ata 1,5 puntos pola calidade, orixinalidade e cumprimento dos prazos na entrega das actividades propostas no periodo sen docencia presencial.

Para o cálculo da media teranse en conta as notas das avaliacións sen redondear

4. Procedemento para información ao alumnado e familias . Publicidade

- Este documento será pendurado na páxina web do centro



- Informarase ao alumnado por WhatsApp

5. Exames de setembro

- **Proba escrita dos estándares correspondentes** ao da 1ª e 2ª avaliación. O criterios de avaliación serán os mesmos que para a 1ª e 2ª avaliación e poden ser consultado nas táboas que aparecen nesta programación.

- No caso de non poder realizar a proba de xeito presencial o mecanismo, criterios de avaliación e estándares serán os mesmos que para as recuperacións.

6. Alumnado de materia pendente

Envíase un documento no que se especifica a proba escrita a realizar e os contidos nos que se basa